

SUBVENCIONS A CORPORACIONS LOCAIS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA



Fachada principal do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Quiroga (Lugo), lugar no que se imparten as Accións Formativas de preparación das probas de Graduado en ESO e de preparación das probas de Competencias Clave

ACCIÓNS FORMATIVAS

PREPARACIÓN DAS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE

PREPARACIÓN DAS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE

REFORZO SOCIOEDUCATIVO PARA MENORES

Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014-2020)

Operación cofinanciada pola Unión Europea
Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020

Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social
O FSE inviste no teu futuro

SUBVENCIÓN ACCIÓNS FORMATIVAS Poboación Xitana

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA
COMUNIDADE XITANA
ZONAS RURAIS E URBANA DO MUNICIPIO DE QUIROGA

Trátase de programar, organizar e levar a cabo actuacións de formación adaptada encamiñadas á incorporación e permanencia no mercado laboral das persoas participantes, elevar o seu nivel de vida, conservando e desenvolvendo a cultura xitana e incorporando a perspectiva de xénero no ámbito formativo.

POBOACIÓN DESTINATARIA

Con prioridade:

-Todos os membros que forman o asentamento xitano, con maioría de poboación infantil y feminina.

De forma complementaria:

-Persoas non pertencentes ao colectivo xitano que están interesados nos cursos de formación que desenvolven a través do módulo de formación adaptada.


SUBVEN

INTERVENCIÓN

Descrición	Cuantificación
Compromiso formal de Xitanos e Xitanas na participación e execución dos aprendizaxes.	O 100 % de homes e mulleres do poboado en idade de traballar.
Realización de Accións Formativas dentro do módulo de formación adaptada.	<ul style="list-style-type: none">Nº de mulleres e de homes que participan no Curso de Preparación do Graduado en ESO.Nº de mulleres e de homes realizando o curso de preparación de Avaliación en Competencias Clave.

SUBVENCIÓN ACCIÓNS FORMATIVAS POBOACIÓN XITANA

Táboa de poboación 2019



OBXECTIVOS

Para a atención das necesidades detectadas marcamos os seguintes **obxectivos**:

- Concienciar a homes e, sobre todo, a mulleres dos seus dereitos.
- Transmitir a necesidade de manter a identidade cultural, adaptada aos novos tempos.
- Manter a participación e implicación na comunidade na que viven.
- Axudarlles a promoción e incorporación das mulleres xitanas ao mercado laboral.
- Manter a estabilidade laboral dos homes e mulleres que acadaron emprego.
- Fomentar a educación e favorecer a continuidade das mulleres na vida académica.
- Incorporar a un número de familias en accións de Educación Familiar.
- Preparación para obter o Graduado/a en ESO dado o elevado número de persoas sen ese Título.
- Preparación das probas de avaliación en Competencias Clave.
- Participación de nenos e nenas, xunto co resto de membros da unidade familiar, en Accións Formativas de Reforzo socioeducativo.
- Que nenos e, especialmente nenas xitanas non abandonen os estudos no IES antes de rematar a ESO.
- Promover actividades de ocio e tempo libre saudables e construtivas.

SUBVENCIÓN ACCIÓNS FORMATIVAS POBOACIÓN XITANA

Actividades realizadas

- Asesoramento e apoio a través do Plan de Traballo elaborado para cada unidade familiar.
- Adxudicación de recursos asistenciais e sociais.
- Traballo no Centro de Formación Profesional Ocupacional. (Accións Formativas de preparación das probas de Graduado/a en ESO e de Competencias Clave).
- Actividades de apoio e reforzo socioeducativo nos seus domicilios, con nenos/as de educación infantil, primaria e secundaria.
- Traballo en habilidades competenciais parenterais.
- Apoio e seguimento para os nenos de 0 a 12 anos
- Intervención coas familias para manter o nivel acadado do cero por cento de absentismo escolar.
- Ocio e tempo libre –Ludoteca, Escolas Deportivas.

SUBVENCIÓN ACCIÓNES FORMATIVAS POBOACIÓN XITANA

RECURSOS EMPREGADOS

Toda esta labor para a consecución dos obxectivos é posible porque o Concello de Quiroga conta cunha serie de recursos para o desenvolvemento do Programa para a Inclusión Social da Comunidade Xitana. Destacar a ansia de traballo e boa vontade que se pon por ambas partes. Os recursos empregados dende o Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Quiroga son:

RECURSOS HUMÁNS	RECURSOS INSTITUCIONAIS	RECURSOS MATERIAIS	AREAS DE INTERVENCIÓN
Traballadora Social.	SS.SS. Comunitarios/ Concello de Quiroga	Programa para a Inclusión Social da Comunidade Xitana. Gastos de persoal para o desenvolvemento das accións formativas.	Coordinando áreas de Formación, laboral, sanitaria e de acceso aos recursos normalizados
Educadora Familiar.	Departamento de Servizos Sociais e Familia do Concello de Quiroga. Programa de Educación Familiar. Programa para a Inclusión Social da Comunidade Xitana	Centro de Formación Profesional Ocupacional “Pía Páxaro” de Quiroga.	Intervención en áreas de Formación, sanitaria e de acceso aos recursos normalizados.

SUBV

METODOLOXÍA DE INTERVENCIÓN E AVALIACIÓN

Como **metodoloxía de avaliación**, dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Quiroga, realízase un seguimento continuo do Programa de Inclusión Social da comunidade Xitana.

A incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións desenvoltas ao longo de todo o proceso de formación significa ter en conta por igual as necesidades e oportunidades de homes e mulleres da comunidade xitana, para que podan disfrutar nas mesmas condicións dos seus obxectivos. Os datos obtidos mediante o traballo dos profesionais que participamos na formación determinan en qué medida se acadan os obxectivos fixados para cada intervención e si é precisa a recondución da intervención.

A hora de intervir cos grupos que formados para as accións formativas, a metodoloxía que aplicamos ten en conta determinados elementos tales como a participación e a creatividade. Traballamos de forma conxunta e fomentando actitudes positivas, procurando que a actitude dos profesionais sexa cercana. Queremos que se impliquen na dinámica das clases e aporten tamén as súas vivencias, ideas, desexos, etc. Procuramos que o aprendizaxe sexa o máis construtivo posible.

O tipo de enfoque metodolóxico que se emprega na intervención profesional nestes núcleos familiares do Barrio do Toucedo baséase nunha atención directa a estas familias xitanas seguindo as pautas da asistencia domiciliaria.

As actuacións teñen un carácter preventivo con obxectivos rehabilitadores e de reeducación, con unha función do profesional de mediador social (Educadora Familiar e Traballadora Social), co fin de favorecer as relacións dentro da familia e da familia co entorno social.

O traballo baséase na motivación, a participación activa e a autonomía como vía para a promoción das persoas que participan tanto nas accións formativas como para o resto da comunidade xitana.

O diálogo e coordinación entre os profesionais que interveñen no Programa é fundamental no seguimento e avaliación das actuacións.

O posicionamento adoptado respecto á práctica educativa é o de proporcionar elementos básicos ás persoas que interveñen nas diferentes accións formativas para ser actores, para tomar decisións, para construír unha concepción propia e crítica da realidade... e favorecer que poidan de forma autónoma definir os seus plans de vida a partir do desenvolvemento das súas potencialidades e do seu coñecemento do ámbito.

A práctica educativa susténtase en que os profesionais que intervimos temos que ser capaces de recoñecer as potencialidades e capacidades destas persoas na relación educativa, de escoitar as súas demandas e necesidades, que actúen por si mesmos e que sexan capaces de tomar decisións, de mediar co entorno, de facilitar ou construír contextos e escenarios onde poidan desenvolver as súas potencialidades.

Aplicar a perspectiva de xénero durante o desenvolvemento de esta acción formativa significa que debemos ter en conta si os obxectivos plantexados, as actividades realizadas e a avaliación responden as necesidades e oportunidades tanto de homes como de mulleres da comunidade xitana e si se teñen en conta por igual.

A Educadora Familiar, como profesional, necesita dunha mirada específica construída a partir da súa experiencia persoal e profesional que determina unhas metodoloxías de traballo e unhas técnicas concretas en relación coas peculiaridades de cada familia coa que traballa. As estratexias, recursos e técnicas que vaia incorporando conformarán un saber estar na relación socioeducativa coas familias.

Un elemento importante a ter en conta é o lugar no que realizamos as accións formativas. Contamos cunha aula no Centro de Formación Profesional Ocupacional bastante ampla, cómoda e acolledora. A linguaxe e o tono de voz empregados son os axeitados, aplicando unha linguaxe non sexista nin excluinte. As actividades adecúanse á dinámica do grupo.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021



Concello
de Quiroga

galicia

ACTUACIÓN FORMATIVA DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE GRADUADO/A EN ESO

Dentro da formación para adultos, un grupo de personas, están realizando a ACCIÓN FORMATIVA denominada “CURSO DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE GRADUADO/A EN ESO”, Este curso xa se ven impartindo dende anos anteriores porque a formación que estamos dando é continua e abarca dúas anualidades:

1.- Do 1 de decembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2020

2.- Do 1 de decembro de 2020 ata o 30 de xuño de 2021

O obxectivo primordial deste curso é preparar a xitanos e xitanas para as probas de graduado/a en ESO e acadar a titulación necesaria para acceder aos cursos de obtención dos Certificados de Profesionalidade, requisito indispensable se queren entrar no mercado laboral nas mellores condicións posibles. A formación que están recibindo preséntase como imprescindible.

O título de Graduado/a en Secundaria é básico dentro do sistema educativo xa que moitas persoas incorpóranse ao mundo laboral despois de obtelo. Para estes alumnos adultos, este título é un obxectivo importante desde o punto de vista da súa mellora e do seu perfeccionamento persoal, e tamén desde o punto de vista das posibilidades de conseguir un emprego.

A data de convocatoria das probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria para maiores de dezaoito anos, aparece publicada no DOG, mediante a correspondente Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

PERFIL DOS PARTICIPANTES

A educación é un dereito humano e un elemento indispensable para o progreso económico e social dun pobo, por iso debe ser considerada como un instrumento fundamental para acadar a igualdade de xénero. A educación no contexto da comunidade xitana con perspectiva de xénero, implica observar a diferenza e permanencia no acceso o sistema educativo de homes e mulleres e tamén ter en conta a idiosincrasia da poboación xitana.

No momento de seleccionar os/as participantes nesta acción formativa un dos criterios aplicados é o de identificar as necesidades e as dificultades polas que pasan sobre todo as mulleres xitanas na súa relación co sistema educativo e formativo para establecer medidas efectivas para que a formación que reciben fomenta o seu desenvolvemento como persoas.

As actuacións Formativas desenvólvense no Centro de Formación Profesional Ocupacional “Pía Páxaro” de Quiroga, situado dentro do casco urbano e que o Concello de Quiroga nos asigna para as clases. A aula conta co mobiliario, con material educativo e cos recursos necesarios para impartir os cursos e o desenvolvemento da programación. As clases son impartidas entre os luns e os venres cunha duración por xornada de dúas horas.

SUBVENCIÓN ACCIÓNS FORMATIVAS POBOACIÓN XITANA

ACCIÓN FORMATIVA DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE

No Concello de Quiroga desenvólvese dentro do Programa Dirixido á Inclusión Social da Comunidade Xitana, a Acción Formativa denominada “CURSO DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE”. Abarca dúas anualidades :

- 1.- Do 1 de decembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2020
- 2.- Do 1 de decembro de 2020 ata o 30 de xuño de 2021

A Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través do Instituto Galego das Cualificacións, realizará polo menos unha convocatoria anual para a realización das probas de avaliación das competencias clave e que se publica mediante a correspondente Orde no DOG.

Dende o Departamento de Servizos Sociais e Familia do Concello de Quiroga, dámoslle a información e realizamos o trámite de matrícula enviándolle as solicitudes para presentarse ás probas.

Os que superaron as probas de Competencias Clave en todas as materias están accedendo a cursos para obter os certificados de profesionalidade de nivel 3.

O desexo da maioría de xitanos e xitanas de Quiroga é prepararse para poder traballar e non depender sempre das prestacións sociais para poder vivir.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021



Concello
de Quiroga

galicia

METODOLOXÍA DE INTERVENCIÓN E SEGUIMENTO

Á hora de intervir con este grupo, a metodoloxía que aplicamos ten en conta a participación das persoas que o integran, sempre mantendo pola nosa parte unha actitude cercana e coidadosa con eles. Partimos da nosa experiencia de moitos anos traballando cos homes e as mulleres xitanas do poboado para que se impliquen no desenvolvemento das actividades e que nos aporten os seus sentimentos, ideas e suxestións.

Aplicar a perspectiva de xénero durante o desenvolvemento tanto desta como do resto das actividades, implica que temos en conta nos nosos obxectivos, indicadores e avaliacións, que as necesidades dos homes e das mulleres xitanas da nosa comunidade que participan na formación, se están tendo en conta por igual e que gocen nas mesmas condicións dos seus obxectivos, independentemente de que o noso traballo vaia dirixido á inserción laboral.

CRITERIO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Os homes e mulleres que participan nesta acción formativa xa o fixeron en anos anteriores na preparación das probas en Competencias Clave. O seu desexo é aprobar as competencias que lle faltan e poder facer así diferentes cursos e obter os certificados de profesionalidade. O seu nivel formativo é moi básico. Por medio desta formación estamos dando as pautas que deben seguir para a consecución dos obxectivos, neste caso, aprobar o exame.

SUBVENCIÓNS ACCIÓNS FORMATIVAS POBOACIÓN XITANA

ACTUACIÓN FORMATIVA DE REFORZO

SOCIOEDUCATIVO PARA MENORES

Na acción Formativa de Reforzo Socioeducativo para menores participan nenos e nenas con idades entre 3 e 12 anos, matriculados no CEIP e no IES de Quiroga. Traballamos cos menores durante todo o ano pero con maior incidencia, durante o curso escolar e cunha frecuencia menor durante os períodos vacacionais de Nadal, Semana Santa e verán. Abarca dúas anualidades:

- 1.- Do 1 de decembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2020**
- 2.- Do 1 de decembro de 2020 ata o 30 de xuño de 2021**

A actividade é impartida nos propios domicilios das familias no Barrio do Toucedo e ten continuidade todo o ano. No proceso de formación dos menores, a implicación da familia é imprescindible para o seu éxito educativo. Habida conta do papel tan importante da familia no contexto xitano, é esencial aumentar a toma de conciencia das familias xitanas sobre as consecuencias que un abandono escolar temperá ten nos seus fillos e fillas, en termos de desenvolvemento persoal. O traballo que realizamos con estas familias vai encamiñado á acadar a permanencia no sistema educativo das nenas, as máis afectadas por o abandono escolar prematuro.

SUBVENCIÓN ACCIÓNS FORMATIVAS POBOACIÓN XITANA

OBXECTIVO

O obxectivo xeral da actuación de Reforzo socioeducativo para menores é reducir o abandono escolar e aumentar o éxito académico de nenos e nenas.

Como **obxectivos específicos** están a valoración da situación das familias coas que traballamos, elaboración de obxectivos e deseño das actuacións a desenvolver, avaliación dos logros de cada familia para adecuar o traballo de xeito continuado e darlles as pautas para que se establezan una adecuada vinculación e colaboración entre a familia e o centro escolar. Igualmente, mantemos unha relación fluída cos centros educativos (CEIP e IES de Quiroga)

Acadar a colaboración das familias é unha parte esencial para o éxito na intervención. Tratamos de motivar ás familias na participación escolar. Os nenos tamén participan nas actividades que se dan a través das escolas deportivas que organiza o Concello de Quiroga.

A actividade desenvólvese os luns, mércores e venres de 17:00 a 19:00 horas. É importante neste sentido adaptar os horarios e respectar os tempos das familias. Tratamos de concienciar ás familias xitanas de que as súas dificultades e retos respecto á educación dos seus fillos non son tan diferentes a o resto das familias non xitanas. As veces temos que facerlles entender as familias xitanas que as dificultades coas que se enfrontan son similares ás da sociedade maioritaria

Consideramos importante o apoio que damos ás nenas xitanas en idades escolar. Si é necesario, tamén se lle da ás nais. Observamos si as nenas teñen tempo e espazo suficiente para estudar e si reciben apoio das súas familias. É importante saber cáles son as expectativas dos pais sobre a súa educación e o seu futuro. Igualmente, nos interesamos por coñecer a percepción e opinión dos menores acerca do apoio que reciben por parte das familias para así poder sensibilizar ás familias sobre a importancia da escolarización e a finalización, por o menos, da educación obrigatoria.

AVALIACIÓN DA INTERVENCIÓN DE REFORZO SOCIOEDUCATIVO

As familias acollen positivamente as actuacións. Unhas familias progresan mais que outras no desenvolvemento da actuación, no grao de implicación escolar, na colaboración cos centros educativos do Municipio e na implicación e apoio aos seus fillos. Os nenos e nenas tamén progresan no grao de integración, no absentismo escolar e na mellora dos seus resultados académicos.

Os menores cos que intervimos melloraron os seus hábitos de traballo e os que rematan a Educación Primaria pasan á Educación Secundaria. Dende a posta en marcha dos diferentes programas formativos e do desenvolvemento dos Plans de Traballo coas familias, non se da absentismo escolar dentro da comunidade educativa do Concello de Quiroga.

Prestamos especial atención ao desenvolvemento das competencias e aptitudes dos menores cos que traballamos; por exemplo ao proceso de aprendizaxe de ler e escribir. O achegamento realizámolo con actitude humilde, tratando de que perciban que os tratamos con amabilidade e que a relación nosa con eles baséase na confianza e no interese por axudalos. Transmitímoslles en todo momento que nos importa o rendemento académico dos menores e que estamos aí para eles. Os resultados académicos van mellorando na mesma medida que as familias se involucran no proceso educativo dos nenos.

Facemos fincapé en todo momento en facer partícipe e corresponsable á familia, resaltando a importancia da implicación tamén do pai, non só da nai.

No ámbito académico, a situación dos nenos e nenas das familias xitanas de Quiroga hai anos que está bastante normalizada. Os pais e nais colaboran cos centros educativos. Non se da absentismo escolar. O nivel de integración na comunidade é total e o rendemento escolar vai mellorando.